

INTRODUCCIÓN

Toni García

Ás veces gustaría de escribir un libro
todo un libro acerca do tempo
acerca da súa inexistencia
de cómo o pasado e o futuro
son un presente eterno.

Evgeni Vinokurov.

Estanse a cumprir cen anos desde que en 1911 se aprobara en España a Lei de Casas Baratas, e con ela a tentativa para regular o acceso a unha vivenda digna, e dar tamén solución aos problemas de hixiene e salubridade creados polo amoreamento dos obreiros chegados do rural para traballar na cidade industrial nacida a fins do s.XIX. O camiño percorrido para facer da vivenda un ben de uso social, dende as súas orixes filantrópicas, sindicais e hixienistas, pasando polas utopías socialistas e as propostas burguesas da industrialización, as teorías e ensaios do Movemento Moderno anteriores á 2ª Guerra Mundial, a reconstrución de Posguerra, as novas cidades e polígonos dos anos 60-70, e o repregue posterior cara a consolidación da cidade, amósanos a herdanza dunha historia orientada cara a comprensión colectiva da vivenda e a construción da cidade coma un feito social. Percorrer hoxe o camiño do acontecido nun século de vivenda social, é unha ocasión para refrescar a memoria e enchela dos esforzos e loitas de moitas xeracións de habitantes na construción da cidade na que vivimos, na procura de residencia para todos, nunha cidade menos segregada, máis social e sostíbel, parte dunha organización territorial máis racional. Eses esforzos da razón deixáronnos espazos de convivencia e democracia, pero tamén barrios degradados socialmente, e periferias e territorios maltratados. Nese camiño de logros, loitas, erros e ensaios, o acceso á vivenda continúa a ser un problema para as clases con menor poder adquisitivo, coa distinción de ter pasado en cen anos, da necesidade dunha vivenda de mínimos habitables, á procura dunha vivenda confortable, construída polo mercado inmobiliario, diferenciada segundo os ingresos do demandante.

Este libro tenta ser un resumo de exemplos da vivenda de promoción pública construída ao longo de un século en Galicia, unha breve aproximación ao esforzo e á complexidade que supuxo e supón facer vivenda protexida, un recoñecemento aos que comprendendo a vivenda como un ben de uso social tentaron facilitar o seu acceso a toda a poboación, unha pausa para preguntarnos cómo somos e qué herdanzas recibimos; unha reflexión rápida sobre moitas das razóns que transformaron o noso xeito de habitar; unha chamada de atención sobre a necesidade de vivenda para as persoas con menos recursos, unha crítica aos erros que aínda non permitiron dar solución ao acceso a unha vivenda para todos; unha valoración sobre a cidade construída, o territorio, e a súa relación coa vivenda, unha introdución as transformacións da vivenda colectiva de uso social, unha valoración da agrupación colectiva da residencia como mecanismo que mellor organiza o hábitat colectivo en relación coa cidade.

En Galicia, pese a gran emigración exterior da súa poboación, a menor dimensión das cidades, e a febleza da súa industrialización, os problemas de acceso á vivenda de residentes e novos habitantes en vilas e cidades son parellos aos do resto de España, non tanto as solucións realizadas e o seu contexto, que ofrecen resultados distintos, incluso entre as cidades galegas. A fins do século XIX o crecemento demográfico das nosas cidades vén parello ao amoreamento e á densificación cara o seu interior; a ruptura posterior dos límites da cidade, nalgún caso fisicamente co derrubo das murallas, permite rendabilizar o seu solo por medio de ensanches exteriores. Solución que crea vivenda para a burguesía, sen resolver a das clases obreiras. Neses momentos comézase a presentar a construción de vivendas económicas como competencia do estado; esa aceptación da vivenda como ben común, nace da necesidade, dos desexos de mellora dos traballadores, e do medo á degradación urbana e social da cidade burguesa. Os seus tipos reciben as influencias da vivenda obreira construída en Europa, vivendas unifamiliares, xeralmente acaroadas, con patio ou horta, situadas nas marxes da cidade existente. Se ben foron escasos os exemplos construídos para dar cabida á emigración recibida, o comezo de século traeríanos a definición funcional e constructiva da casa, da vivenda entendida como social, procurando reducir o seu custe, simplificando os elementos constructivos, tipificando as súas formas, racionalizando o seu proceso construtivo. Nas primeiras décadas do século XX as nosas cidades duplicaran a súa poboación, o que transforma a súa trama urbana, vendo crecer asentamentos suburbanais alongados do casco urbano. Ao racionalismo construtivo engádese a ordenación do espazo doméstico na vivenda social, das primeiras leis que entendían estas vivendas con proxectos unicamente hixiénicos e económicos, agora procuran tamén o confort; esta reflexión, sobre o

espazo doméstico na vivenda social, influirá no deseño posterior de todo tipo de vivendas, e propiciará a aparición da construción en bloque para uso social.

Despois da Guerra Civil e a inmediata posguerra, a reflexión sobre a vivenda social, non recibe atención ata mediados os anos 50. Dentro da precariedade do momento moitos arquitectos preocupáanse pola definición da vivenda mínima, ensaiada nos poboados de absorción en Madrid, a eles debemos a racionalidade de mínimos, introducida nas propostas desa época. En Galicia constrúense vivendas en case que todas as vilas e concellos, marcadas pola urxencia da necesidade, no uso de tipoloxías repetitivas con escaso espazo público, en bloques lineais dunha cruxia ou con ringleiras de vivendas unifamiliares acaroadas. Estas actuacións de media densidade, construídas xeralmente nos límites do núcleo urbano, erguéronse superpostas ao viario existente ou á rede de camiños rurais sen deixarnos como herdanza un novo modelo urbano. Foron situacións illadas e dispersas, alleas ao territorio e á vila na que se implantaron, debido a que a súa estrutura non continúa as pegadas herdadas, e tamén por causa da súa dimensión non deron pé á creación de novos barrios. A partir dos anos 60, a incapacidade do estado para remediar a falta de vivenda protexida deixa en mans da promoción privada a súa construción. Son anos de “desarrollismo”, permisividade urbanística, e especulación, que en Galicia deixan como herdanza unha cidade fragmentada, con problemas de integración social, e tamén, as actuacións máis singulares de entre as realizadas na vivenda protexida no século XX, coa promoción de grandes polígonos e unidades de actuación limitados por vías de tráfico perimetrais, dende as que se realiza o acceso a bloques e torres de vivendas, e espazos públicos libres de tráfico. Lugares que a precariedade e a nula sensibilidade social das administracións converten en grandes estruturas urbanas marxinais. Da permisividade da época, apropiáronse os especuladores inmobiliarios que, en medio da necesidade, fixeron o seu negocio, priorizando o seu comercio fronte a outras reflexións, simplificando as solucións propostas, banalizando a arquitectura, detendo as súas investigacións, e deixando tras de si construcións feitas para “almacenar” persoas, en poucos casos pensadas para ser habitadas. Neste momento, os arquitectos véñse fóra das decisións sobre como facer vivenda e cidade; moitos deles sométense ás imposicións dos promotores, deixando como herdanza a merma no discurso social, a ausencia de crítica, a uniformidade nas formas, onde o único importante é o que se vende, onde o mercado decide o que quere a xente.

Coa chegada da Democracia, xa nos anos 80 e 90, a vivenda convértese para as administracións públicas nun problema de necesidade de solo e financiamento privado; o pouco que constrúe a iniciativa pública, remata por facer parte do mercado inmobiliario. Regúlase a construción con plans, a tres e catro anos, que manteñen a vivenda en popriedade con axudas á inversión, mellorando a calidade construtiva con normas de deseño, orientando o crecemento cara á consolidación e renovación da cidade, rehabilitando a cidade histórica, concentrando moita da intervención autonómica en parcelas residuais de pequenos concellos de Lugo e Ourense, con pouca relación de proximidade co núcleo urbano. Hoxe as propostas para os próximos anos oriéntanse cara a diversidade dunha oferta que se ocupe da demanda de todos os sectores sociais, en réxime de propiedade ou aluguer, de nova construción e de rehabilitación, nas periferias inmediatas das cidades maiores, en ámbitos rurais, e vilas menores.

Chama a atención durante este percorrido histórico a privatización progresiva de un ben social como é a vivenda, o que deberá facernos reflexionar a todos os que temos responsabilidade sobre o territorio e a vivenda, habitantes, promotores, políticos e técnicos, sobre o uso que facemos do solo, sobre a cidade que construímos, as formas de habitación que contén, e o acceso á vivenda dos seus habitantes. Hai tempo que os arquitectos deixamos de ser partícipes das decisións sobre a mellora da habitabilidade do entorno que usamos, no territorio, e na cidade. Por iso o debate que hoxe en día se proxecta dende a arquitectura non é social, é obxectual e espacial; redúcese á comercialidade de imaxes e formas, que crean no imaxinario colectivo a ilusión falsa de novas expresións de modernidade. Preguntémonos, ¿Cantos dos máis nomeados arquitectos da actualidade reivindican un discurso social?, ¿Cantos deles deseñaron vivendas sociais?, ¿Cantos aportaron modelos urbanísticos para a mellora das áreas informais urbanas?, ¿Cantos fan fronte, á especulación do mercado inmobiliario?. Neste tempo erguéronse cidades caras de manter, fixéronse políticas de solo e vivenda, construíuse moita vivenda, excesiva nalgún caso, e a pesar diso hai persoas con dificultade de acceso a unha vivenda. Somos parte dun consumo global que se afirma na continuidade da urbanización, o que non debe facernos admitir que a arquitectura, e menos a vivenda, sexan un ben efémero e de consumo. Debemos aprender do pasado para non cometer os seus erros, e pretender os seus acertos; a necesidade de vivenda para todos será sempre un presente eterno.